

DEC 2020
Nº 1

Actualidade

EN

CaMiño

www.concellodemio.gal

Depósito legal: C 1771-2020

XESTIÓN COVID 19

Miño afronta unha crise sanitaria sen parangón **Páx. 16**

CULTURA

Os actos culturais non se frean no noso municipio **Páx. 18**

UN POBO CENTENARIO

O noso municipio cumpriu o pasado ano 100 anos **Páx. 14**

SENDA RIBEIRA

Un primeiro paso para un municipio máis sostible **Páx. 22**

Fin a un conflito xudicial con case 20 anos de historia



Os expropiados asinan no Salón de Plenos o acordo para renunciar ao recargo dos intereses

O orzamento medra ata os 14 millóns

As contas superan de longo ás estipuladas no ano 2019. Estase acadando reverter a situación económica languidecente do municipio para poder afrontar todos os compromisos. **Páx. 5**

Fala o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo

Nunha entrevista moi persoal, o alcalde de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, aborda os temas de maior actualidade do noso municipio, así como os proxectos de futuro do pobo. **Páx. 13**

A mellora do municipio, paso a paso

Pequenas intervencións levadas a cabo polos operarios municipais son as que fan que Miño estea á vangarda en servizos e benestar social, todo iso con intervencións moi beneficiosas. **Páx.15**

Coñece ao detalle a corporación

Desde mediados do ano 2019, a corporación de Miño está composta polas concelleiras e concelleiros do Partido Socialista e do Partido Popular. Coñéceos na seguinte páxina. **Páx.9**

Miño destinará 107.000 euros do programa PEL Reactiva a autónomos e microempresas

O Concello de Miño adicará 107.000 euros, enmarcados dentro do programa PEL Reactiva, para axudar a persoas autónomas e microempresas logo da crise derivada

dos efectos da covid-19. As subvencións, compatibles con outras prestacións supramunicipais, oscilan entre os 1.500 euros para traballadores por conta propia sen traballadores ao seu cargo, e

os 3.000 euros aos que poden optar as microempresas e autónomos e autónomas cun cadro de persoal de entre 6 e 9 persoas traballadoras. Os fondos poderán ser destinados, entre outras cuestións, a

gastos de adaptación e acondicionamento á nova realidade derivada da pandemia, como pode ser a adquisición de produtos hixiénicos, de limpeza ou material antiséptico ou gastos correntes.



O parque biosaudable da Ribeira goza de novo aspecto

O Concello de Miño realizou unha reparación integral no parque biosaudable da Ribeira, ao carón da praia, que presentaba un estado de absoluto abandono.

Os traballos consistiron na aplicación dun produto

para evitar a súa degradación debido ás inclemencias meteorolóxicas, ademais dunha intervención nas súas bases. Os maiores de Miño xa poden desfrutar deste espazo con total seguridade e exercitarse ao aire libre.



Os elementos logo da súa renovación



Imaxe dalgúns dos elementos que se instalaron

Fraga do Xarío, novo pulmón e lugar de lecer

No ano 2019, o goberno local atopouse con esta parcela en estado de abandono, a cal se está recuperando en diversas fases. As intervencións máis recentes consistiron na mellora do firme nun tramo de 725 metros, un 65% do

total do percorrido peonil, así como a construción de pasos sobre o río con pedra, e chanzos de madeira. Recentemente, tivo lugar neste lugar un concurso de cabazas, o que amosa tamén o seu potencial como lugar de lecer.

Miño pon fin a un conflito xudicial con case 20 anos de historia

O Concello, co diálogo como mellor ferramenta, tratou con centos de persoas afectadas unha solución para o desbloqueo


Miño puxo fin o pasado mes de xuño e de xeito oficial ao conflito da macro urbanización de FADESA, e que se dilatara no tempo case dúas décadas. O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, asinaba o 5 de xuño o acordo mediante o cal se facía formal o pago ás persoas expropiadas, a través dun crédito que lle será

concedido á Administración local por parte do Instituto Nacional de Crédito. A entidade intermediaria será ABANCA. Pero esta situación de desbloqueo vén de lonxe. Desde a investidura do presente equipo de goberno, este punto era prioritario na axenda do executivo local.

O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, asinaba o pasado 5 de xuño o acordo mediante o que se facía formal o pago ás persoas expropiadas

O Concello de Miño presentaba ao peche do exercicio 2019 unha débeda de 22,3 millóns de euros, unha

Importe anual a desembolsar polo Concello



A débeda do Concello de Miño entre os anos 2015 e 2018 supoñía un desembolso de máis dun millón e medio de euros. Ao aumentar o prazo de devolución, o Concello pasará a pagar preto de 662.153 euros ao ano.

cantidade “que non podía seguir medrando”, en palabras do alcalde, Manuel Vázquez Faraldo. O goberno local, a través de múltiples contactos co Ministerio de Facenda, a Deputación e a Xunta, deu o paso para buscar o financiamento e desafogar a situación das arcas municipais. No verán de 2019, Manuel Vázquez Faraldo deu comezo a unha rolda de contactos coas persoas expropiadas e os seus representantes ata acadar o acordo, polo cal

estas persoas renunciaban ao recargo de intereses ao que tiñan dereito a cobrar, uns 300.000 euros anuais, e que se asinou no mes de setembro de 2019. Á vez, a renegociación da débeda permitirá devolvela en máis tempo, co conseguinte desafogo para o Concello. O alcalde agradeceu “tanto ao Ministerio de Facenda, por concedernos o préstamo, como aos expropiados, pola súa xenerosidade, permitir con este acordo a viabilidade da operación”, destacou.



O alcalde rubrica o acordo cunha das persoas afectadas

Setembro 2019: o principio do fin

Nun Salón de Plenos ata a bandeira, o goberno local e as persoas afectadas polas expropiacións dos terreos da macro urbanización de FADESA reuníronse para poñerlle fin a este tema. Tras múltiples roldas de contacto, tanto estas persoas como os seus representantes decidiron,

coa súa boa vontade, rematar con esta situación, tan prexudicial para elas e eles como para o Concello de Miño. Foron varias sesións nas que se rubricou o acordo, polo que se renunciaba ao cobro dos intereses, “un xesto de sobradá solidariedade”, destacan desde o goberno.



O goberno local e as persoas expropiadas asinan o acordo

Demarcación de Costas repara as bases das ramplas e muros da praia da Ribeira

A veciñanza demandaba os traballos nas estruturas, erosionadas polos temporais dos últimos invernos

Os problemas estruturais da praia da Ribeira xa están solucionados. Como resposta da petición do Concello, Demarcación de Costas

procedeu a reparar os ocos provocados polo mar nas bases das ramplas e dos muros. No areal realizáronse tamén labores de limpeza e soluciónáronse os problemas que presentaban as rampas de acceso dos extremos. O rexedor de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, incidiu na importancia destas actuacións, xa que “o areal é o máis próximo ao núcleo urbano e os traballos favorecerán a visita á praia”.



O goberno local e os representantes da Demarcación observan as obras

Miño: cara á modernización dos areais

O municipio aproba a primeira ordenanza para regular as súas praias

A modernización das praias perfilada polo goberno local foi un paso máis aló este outono coa aprobación da primeira ordenanza para os seus areais.

A normativa regula o uso por parte de veciños e visitantes, así como as actividades que poden realizar como a pesca, a acampada, os deportes acuáticos ou o baño. Inclúense no

documento as condicións para a circulación e varada de embarcacións, e a venda non sedentaria de produtos.

Tamén a presenza de animais de compañía queda estipulada pola nova norma, que pretende reforzar o gozo dos usuarios incrementando a súa seguridade e establecendo os parámetros adecuados para garantir a salubridade e o respecto á contorna.

É a primeira vez que Miño dispón dun regulamento semellante para as súas praias.

A iniciativa forma parte dun plan máis amplo para a renovación dos areais, nos que se melloraron elementos como aparcadoiros ou sistemas de aviso, para adaptalos aos novos tempos no que a incidencia da covid-19 tivo un destacado papel.

Novas luminarias para rebaixar a factura eléctrica

Miño refulxirá con luz nova tras a substitución de todo a iluminación pública exterior do núcleo. A administración solicitará unha subvención ao Instituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético (IDAE), dirixida a financiar o cambio do sistema por un integrado por luminarias LED, máis respectuosas co medio ambiente.

Esta tecnoloxía permitiría aforrar en máis dun 50% o consumo, promovendo a eficiencia enerxética e permitindo que o Concello destine os

fondos a outras necesidades da veciñanza. Para ela tamén aumentará a seguridade, xa que as luminarias LED triplícan a iluminación.

A materialización da iniciativa precisa de preto de 2,2 millóns de euros, dos que o 80% procederían dos Fondos Europeos FEDER. O resto saíría das arcas do goberno local, que considera o proxecto “altamente beneficioso a longo prazo tanto a nivel económico como de benestar de toda a nosa veciñanza”.

A veciñanza xa pode pagar con tarxeta no Concello

Os veciños e veciñas de Miño atopáronse este mes cunha novidade na administración local, que permite o pago con tarxeta nas súas instalacións. “Implantando este sistema continuamos modernizando o noso servizo e o facemos máis eficiente para os cidadáns”, explica o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, sobre a habilitación do sistema de cobro con Terminal Punto de Venta (TPV).

A nova vía para o pago persegue a axilización das



Unha veciña pagando no Concello

xestións municipais e o incremento da comodidade dos residentes no municipio. Con todo, aqueles que o prefiran poderán continuar facendo as súas transaccións a través do banco, cuxas oficinas se sitúan fronte ao Consistorio.

Os orzamentos medran ata os 14 millóns con 7,4 de incremento

O goberno local obtivo financiamento do Ministerio de Facenda para pagar aos expropiados da urbanización Costa Miño

Os orzamentos elaborados polo goberno local para o 2020 superan de longo as cifras marcadas en 2019. A administración sacou fío ás súas contas cun incremento de 7,4 millóns respecto a 2019, no que se investiron 6,8 millóns. Este ano, a cantidade ascende a 14,2, obtidos grazas especialmente á capacidade de diálogo e negociación do Concello. Os acordos permiten unha folgada marxe de investimento, con 936.529,21 euros para as diversas actuacións.

O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, asegura que as contas confirman que "este goberno está conseguindo reverter a economía languidecente que tiña Miño, e estalle permitindo afrontar todos os compromisos que posuía". Entre eles está o pago dos intereses aos expropiados



Vista global dos orzamentos do 2020

de FADESA, para os que se obtivo un préstamo de 6,9 millóns. As negociacións permitiron incrementar en medio

millón as subvencións recibidas, e en máis de 115.000 euros a cantidade percibida polos ingresos patrimoniais.

O goberno local presenta a Costas o seu proxecto de sendas

O Concello mantivo unha xuntanza con Demarcación de Costas, á que lle presentou o seu proxecto para habilitar sendas que conecten todos os núcleos de Miño. O plan precisa a autorización do Ministerio de Transición Ecolóxica, do que depende Costas, representado polo xefe da Demarcación, Rafael Eimil.



Rafael Eimil e Manuel Vázquez Faraldo

Rematan as obras da Biblioteca Pública Municipal

A Biblioteca Municipal, inaugurada fai 30 anos sendo alcalde Deogracias Romeu, sufriu unha renovación integral. A través dunha subvención da Consellería de Cultura, separouse a área infantil e adulta e creouse unha sala de estudo, entre outros traballos. A partir de agora chamárase Biblioteca Pública Concepción Arenal.



Obras na Biblioteca Pública Municipal


As contas, listas para cubrir gastos e investimentos

A administración contempla nas súas contas importantes investimentos. Detállanse actuacións coma a reparación e mellora de diversas vías e sendas, así coma proxectos de saneamento e abastecemento de auga ou melloras en infraestruturas públicas.

Parte da causa desta inxección atópase nas continuas conversacións levadas a cabo polo alcalde con diversas administracións públicas. Os acordos acadados permitiron incrementar os fondos e aumentar os

gastos en bens, servizos e obras. O Estado de Alarma e as negociacións para lograr o préstamo para os expropiados causaron, con todo, un atraso na aprobación dos orzamentos. O goberno local converteu porén o atraso en avance, e deseñou as contas aprobadas con previsión para o 2021. Deste modo, se a incerteza remata nunha prórroga das contas, estas estarán agora axustadas aos retos dun novo exercicio, e nun dos contextos máis complexos dos últimos 100 anos.

A praia Grande, máis segura e accesible



Proxecto da pérgola da Praia Grande

O programa de renovación inclúe un novo sistema de megafonía, unha pasarela e máis espazo de paseo xunto ao areal

A praia Grande é un dos areais máis frecuentados pola veciñanza durante o verán. Mellorar a súa accesibilidade e seguridade fronte á pandemia foi unha das prioridades do Concello, que traballou nun programa de medidas para dotala “dos mellores servizos e adaptala

ao século XXI”. O proxecto inclúe a renovación do sistema de megafonía, coa incorporación de mensaxes profesionais en galego, castelán e inglés e consellos sanitarios. O paseo ampliouse, e agora alberga as papeleiras que antes estaban na area. Na súa contorna, instaláronse *food trucks* e un novo sistema de aparcamento para regular o aforo. Para o vindeiro verán, instalarase unha pasarela e unha zona de sombra para que as persoas con mobilidade reducida poidan acceder á beira do mar.

Miño solventa o problema do Servizo de Axuda a Domicilio

O Concello desbloqueou a adjudicación do Servizo de Axuda a Domicilio (SAD), asignado finalmente á Fundación para o Estudo e a Promoción da Acción Social (FEPAS).

O contrato, de 945.000 euros e cunha duración de dous anos prorrogable a catro, será desenvolvido en firme logo de que en 2018 quedase deserta a licitación. A actuación permite que esta asistencia social deixe

de prestarse en precario e cubrir as necesidades dos demandantes con maior solidez.

O goberno local cualifica o contrato definitivo como unha mostra máis da súa aposta “por servizos sociais de calidade para todos os veciños e veciñas”, entre os que se incrementaron as peticións, ao que se sumará a licitación dun novo contrato da Escola Infantil Municipal.

As rúa Rego do Can e Pontigo xa están listas

Os futuros residentes da rúa Rego do Can, en Costa Miño, xa poden solicitar as súas licenzas de primeira ocupación. O goberno local deu por rematadas as obras de urbanización da zona, que ofrece unha estampa acondicionada e con todos os servizos básicos precisos para enchela de vida.

As actuacións comprenderon a instalación da subministración eléctrica, o saneamento e a colocación de mobiliario público. Os traballos redundan no atractivo da Costa Miño, que o Concello se esforza por recuperar. Por outra banda,

o goberno local tamén rematou as obras de urbanización da rúa Pontigo. Trátase dun novo avance cara a recuperación da zona de Costa Miño, que rudante anos permaneceu esquecida e con aspecto deteriorado. As actuacións nesta última vía implicaron a instalación de servizos básicos de electricidade, saneamento e iluminación, así como a adecuación da propia rúa. O rexedor, Manuel Vázquez Faraldo, sinalou da importancia de que “esta zona reviva, deixando atrás a sensación de abandono que tiña moita xente”.



O alcalde Manuel Vázquez na fin das obras de Rego do Can



Reapertura ao público da rúa Pontigo tras as obras de acondicionamento

MERCAENMINO para apoiar o tecido comercial local

O aumento da compra en liña e a redución da capacidade nos establecementos levou ao Concello a crear ‘mercaenmino’, unha páxina web destinada a apoiar o comercio de proximidade.

Trátase dunha ferramenta que pon en contacto a vendedores e clientes na rede a través dun formulario e dun catálogo, que amosa os produtos dos distintos locais. O portal,

que inclúe tamén a empresas de servizos técnicos, está coordinada pola Asociación de Empresarios de Miño, e conta coa asistencia do Concello.

A páxina incorporará no futuro un sistema multiventa e un servizo de paquetería para o reparto. Xunto á web, a administración renovou a imaxe de marca turística, e traballa nun Plan Estratéxico de Desenvolvemento Local.

Un campo de fútbol “á altura” dos deportistas miñenses



Inauguración do campo de fútbol, co alcalde no centro

O Concello logrou financiamento da Deputación para os traballos no terreo, no que se instalou material artificial de última xeración

O campo de fútbol de Gallamonde levaba anos enquistado nos plans municipais de Miño. O goberno de Manuel Vázquez Faraldo foi

o que deu finalmente saída a este proxecto, no que os equipos da localidade poderán adestrar e disputar os seus partidos nas mellores condicións posibles. As obras contaron co financiamento da Deputación e supuxeron un investimento de 157.179 euros, correspondentes á oferta da adxudicataria Limonta Esporte. A empresa levou a cabo o levantamento da herba existente e a súa

substitución por material artificial de última xeración. Á inauguración do terreo acudiron tanto o rexedor coma o edil de Obras, Agustín Sanz, e membros da directiva da Asociación Deportiva Miño.

“Por fin podemos gozar dunha infraestrutura que levamos anos demandando, un campo de fútbol acorde á categoría dos deportistas miñenses”, sinalou o alcalde.

O goberno local traslada as mesas electorais do núcleo urbano pola covid

Manter a seguridade durante as votacións para as eleccións autonómicas levou ao Concello a trasladar as mesas electorais situadas no núcleo urbano. Os veciños e veciñas depositaron o seu voto no pavillón municipal da rúa Marismas.



Manuel Vázquez Faraldo, votando

Cribadora para limpeza



Imaxe das tarefas de limpeza nunha praia

O goberno local recuperou unha cribadora para realizar tarefas de mantemento nos areais de Miño, e recuperar así o seu esplendor para que a veciñanza poida desfrutar das praias en condicións

idóneas. Esta máquina permite en menos tempo, cubrir unha maior porcentaxe de terreo. Os traballos son realizados a primeira hora para non intervir no uso e desfrute da veciñanza nas praias de Miño.

Saneamento na Arbosa



Calzada acondicionada en A Arbosa

Os residentes de A Arbosa gozan, no tramo entre Os Pinos e Rego dos Muíños, dunha calzada asfaltada e unha nova rede de saneamento. Foron 32.237,70 euros os investidos pola

administración municipal para acondicionar a zona, na que se instalaron 166 metros de nova tubaxe de PVC e fundición e mellorouse o estado das cunetas, ademais da pavimentación da área.

O diálogo institucional como filosofía política

O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, reuniuse con diversas administracións e colaborou cos municipios próximos

A colaboración entre administracións é un

dos alicerces sobre os que o Concello constrúe a súa actividade. O goberno local promove a comunicación con outras institucións coma a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Xunta; diversas consellerías da Xunta de Galicia ou cos representantes de municipios

lindantes, como Pontedeume ou Paderne. Esta filosofía permitiulle ao alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, logros como a concesión dun préstamo de 7 millóns por parte do Ministerio de Facenda, co que se reuniu para tratar a débeda pola expropiación de FADESA. Tamén

tiveron lugar as xuntanzas con Demarcación de Costas, para a mellora de infraestruturas na praia da Ribeira, ou coa Deputación Provincial da Coruña e o seu presidente, Valentín González Formoso, para establecer melloras e optimización dos servizos públicos en todo Miño.



O alcalde Manuel Vázquez Faraldo, reunido con distintas institucións



Extensión da rede de saneamento no lugar de Padrín



Traballos no lugar de Padrín

Os habitantes de Padrín desfrutan de mellores condicións na súa contorna tras os traballos realizados no lugar de Bemantes. A vía situada

entre este lugar e Ansimonde, con sete vivendas e diversas parcelas edificables, foi obxecto da extensión da rede de saneamento, que implicou

a recolocación da tubaxe, a instalación de once pozos de rexistro e a pavimentación do tramo. O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, asegura

que as obras mellorarán "os servizos e a calidade de vida da veciñanza desta contorna, nuns traballos moi necesarios nesta zona", sinalou.

Miño pide Internet en todo o municipio

O goberno local estendeu a fibra e creou un servizo de asesoramento aos veciños sen Internet para achegarlles solucións

Tan esencial “como o teléfono ou a electricidade”. Así define o alcalde de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, a conexión a Internet a día de hoxe, cando o contexto sanitario reduciu ao telemático decenas de trámites. Os que tiveron que realizarse en Miño puxeron a moitos veciños en dificultades. “No momento de contratar, o acceso

á liña de fibra eternízase e na maioría dos casos atrasan a xestión. Queremos que en todo Miño se poida traballar, estudar ou facer tramitacións en liña”, indica Faraldo. Así, xa se conseguiu unha subvención de 15.000 euros para instalar wi-fi nos espazos públicos, e contárase con fibra óptica, pero as compañías non facilitan o acceso aos interesados. Moitas remiten ao Concello, con competencia só para a concesión de permisos xa resoltos. Con todo, logrouse levar a fibra a puntos como A Modia, e estableceuse un servizo de asesoramento para os veciños sen rede debido ás empresas.

A páxina web do Concello presenta o seu novo deseño

A web municipal estreou este verán unha nova cara. A información recollida na plataforma pode consultarse a través dunha interface máis moderna e máis sinxela de empregar para os usuarios. Nun tempo no que o dixital pasou de importante a imprescindible, o Concello quere estar cos cidadáns, e ofrecerlles os seus servizos do xeito máis funcional posible. A administración mifense

non dá con todo por rematado o proxecto, que continuará sumando novas utilidades no futuro.

Na plataforma, os veciños e veciñas poden acceder a novas sobre o municipio, o perfil do contratante ou o portal de transparencia. Tamén está dispoñible a información sobre os órganos de goberno, e pódense realizar consultas por medio da sede electrónica.

O centro social de Callobre loce cuberta

O goberno local acometeu recentemente os traballos de substitución dunha parte importante da cuberta do centro social de Callobre.

Resólvense, con estas intervencións, os problemas de humidades e goteiras que existían no edificio desde hai moitos anos. A

veciñanza do lugar poderá usar este espazo “con total comodidade e confortabilidade”, achega o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, quen anuncia que “proseguiremos dotando os edificios municipais de melloras infraestruturais que promovan as accións asociativas do municipio”.




Cuberta do centro social de Callobre logo da execución dos traballos

O inventario de camiños municipais en exposición

Máis dun mes expuxo o Concello o seu Inventario de Camiños. Ata o 27 de outubro estiveron dispoñibles no Salón de Plenos os planos municipais, que puideron consultarse todos os días. Os que se achegaron á exposición puideron dispoñer, así mesmo, dun servizo de atención personalizada, co que se atenderon as consultas dos visitantes. Os interesados

puideron evitar do mesmo xeito desprazarse ao lugar, xa que o compendio de mapas colgouse na rede.

A raíz da pandemia, máis dun veciño e veciña evita os lugares frecuentados como o Consistorio, polo que a administración quixo ofrecer a opción de consulta en liña. A páxina web de Miño tamén foi o fogar desta mostra.



O alcalde Manuel Vázquez e o edil Santiago Gómez

O Concello inviste 100.000 euros en transporte metropolitano



Sinatura do convenio do transporte metropolitano

O municipio asinou dous convenios para o desenvolvemento da mobilidade nas áreas da Coruña e Ferrol

A mobilidade pública, a protección medioambiental e o servizo á cidadanía

materialízase sobre o asfalto en dous convenios de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia. Os acordos, para as áreas de A Coruña e Ferrol, implicarán unha achega de 91.809,08 euros por parte de Miño, o único municipio que

ten que participar en ambas as zonas. Para A Coruña destinaranse 63.428,48 euros en catro anos, así coma 28.380,6 euros para Ferrol. Os convenios perseguen mellorar as conexións na área metropolitana e impulsar os desprazamentos sostibles entre os seus habitantes.

Axilización do pago a provedores para achegar liquidez fronte á crise

A axuda aos sectores máis afectados pola crise sanitaria pode vir moitas veces dos propios ritmos da administración. A de Miño tivo en conta esa responsabilidade e axilizou o seu pago a provedores como outro dos eixos das súas medidas fronte á covid. Xunto ás axudas a hoteleiros, traballadores por conta propia, comerciantes e maiores, o Concello acelerou os seus trámites, o que lle permitiu pagar facturas con valor de 500.000 euros tan só desde mediados de marzo a abril. Trátase dunha resposta inmediata ao estalido da pandemia, coa que empresas e autónomos puideron gozar de liquidez nos peores momentos da crise. Desde o goberno local aseguran querer "apoiar os profesionais" desde as súas competencias, "contemplando as necesidades reais do sector".

Transeúntes e peregrinos, máis seguros en Viadeiro

Camiñar con seguridade entre os núcleos de Outeiro e Viadeiro xa é unha realidade. O tramo entre estes puntos da parroquia de Castro finalizou os seus traballos de construción dunha senda peonil, que une ao longo de máis de 300 metros os enclaves. O corredor discorre en paralelo a estrada, polo Camiño Inglés, que permitiu optar a unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo para á mellora paisaxística no Camiño de Santiago. Os peregrinos, polo tanto, serán

así mesmo beneficiarios da medida, coa que o Concello tamén comunica o local social co núcleo de Viadeiro. Ademais de mellorar a estética e a seguridade, as obras foron respectuosas coa contorna, xa que empregaron formigón lavado en harmonía coa presenza do percorrido santiagués. As actuacións de mellora consistiron na limitación da zona peonil, a canalización das augas de pluviais, o retranqueo da marquesiña e a instalación dun bordo de seguridade para que os viandantes a percorran sen ningún tipo de risco.



O tramo entre Outeiro e Viadeiro, acondicionado

Incremento da seguridade peonil

O Concello aposta pola eliminación de barreiras arquitectónicas e facer máis fácil o tránsito nas rúas

Mión é un municipio máis seguro e máis accesible grazas ás intervencións realizadas na contorna da Ribeira e nos alcorques de varias rúas da vila. Entre os traballos da instalación dunha malla antideslizante na rampla de madeira e na ponte da Ribeira, e a eliminación de barreiras arquitectónicas para permitir o paso a cadeiras de rodas ou carriños, Miño é agora un municipio máis seguro e máis accesible para a súa veciñanza.



Eliminación dos bordes



Imaxe da malla antideslizante

María Rico cumpre 100 anos entre agasallos e agarimos



Aniversario de María Rico, coa muller e o alcalde no centro

Cen anos non son poucos. Sábeo ben María Rico Pita, que cumpriu este agosto os seus nun contexto que, por máis que teña vivido, nunca antes vira. A epidemia non lle impediu gozar do calor dos seus achegados, que estiveron no seu domicilio na Barrosa para agasallala nunha data tan especial.

A muller soprou as candeas, cada vez máis numerosas, e tomou un postre

na compañía do alcalde Manuel Vázquez Faraldo; da concelleira de Cultura, Catalina Morado, e da concelleira de Servizos Sociais e Benestar, Yolanda Bello.

Visita institucional

O rexedor e a concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello, quixeron homenaxear á maior cunha visita. Aproveitaron para felicitala e achegarlle flores e un presente.

A vila ponse 'en caMiño' contra a violencia de xénero

O Día Internacional Contra a Violencia de Xénero saldouse en Miño coa primeira ruta contra esta falla. 'Que non che pille o machismo' foi o roteiro deseñado pola administración, que distribuiu por todas as parroquias pancartas con datos e mitos sobre a violencia que sofren as mulleres. O municipio creou un concurso para premiar ás primeiras

persoas que completaran a ruta, e animou a compartila a través das redes sociais.

Así mesmo, uniuse as campañas 'En negro contra as violencias' e 'DE FRONTE, e creou unha Mesa Local contra o machismo, por primeira vez na súa historia. Ademais, estase traballando no deseño dun Plan de Igualdade, que se levará a pleno proximamente.



Realización das pancartas da ruta municipal

As piraguas colonizan o mar miñense

Máis de 100 deportistas participaron na I Regata de Kayak, festexada con todas as medidas de seguridade

A I Regata de Kayak de Mar Concello de Miño atraeu ao municipio a 137 deportistas vidos de toda España. O circuío deseñouse cun escrupuloso plan de de seguridade para evitar contaxios na xornada. O Concello quere felicitar ao Club Náutico de Miño, polo seu gran traballo antes e durante toda a proba.



Participantes na I Regata de Kayak de Miño



Gañadores do circuío



Os deportistas, en marcha

Durham, presente en Miño

Máis de cinco séculos levaban os peregrinos de Durham sen pisar terra miñense. Este ano mudáronse as tornas, e o condado recuperou a súa conexión co municipio cunha visita ao Camión Inglés. Un nutrido grupo de vian-dantes percorreron o día 3 de marzo, o tramo da senda

que transcorre á beira do río Lambre, onde se reuniron coa concelleira de Cultura, Catalina Morado, e o edil de Deportes, José Manuel Pantín. Os concelleiros agradeceron o regreso dos peregrinos á zona, que inmortalizaron cunha fotografía sobre unha das pontes do río.



Os edís de Cultura e Deportes, con peregrinos de Durham



Alfombra floral das Amas de Casa na contorna da Casa Consistorial

Miño festexa o centenario na súa actual situación

Con flores e xogos festexou o municipio o seu cen aniversario. A data, que se cumpre desde o traslado de Castro ata a súa actual ubicación, propiciou en Miño unha xornada leda, na que arte e diversión se deron a man. O cronista oficial do núcleo, José Raimundo Núñez, dirixiuse á veciñanza para repasar a historia da localidade e as

pistas de Rabazal enchéronse de xogos.

A Asociación de Amas de Casa elaborou unha fermosa alfombra de flores, símbolo da "consonancia entre a costa e o interior", segundo o alcalde Manuel Vázquez Faraldo. O broche da xornada púxoo Runa, que deseñou no acceso da estrada nacional un graffiti conmemorativo.



MANUEL VÁZQUEZ FARALDO

Alcalde de Miño

“

Miño ten futuro, e precisa que todos creamos nel. Temos unha envexable natureza, unha situación xeográfica estratéxica e, sobre todo, un capital humano fantástico”.

Eu teño toda a confianza no noso pobo e na capacidade que precisa ter para recuperarse dunha complicada situación económica que se arrastra dende hai anos.

Esa foi a miña prioridade ao chegar á Alcaldía: encamiñar as contas, parar a sangría dos xuros da débeda que medraban cada día, negociar acordos con expropiados, coas empresas en litixio co Concello e coa administración e aprazar os enormes pagos anuais para compatibilizar as obrigas de devolución dos créditos coa atención ás necesidades de Miño e da cidadanía.

Para min foi moi emotivo reunirme cos expropiados, e máis aínda asinar os acordos polos que renunciaron a máis de 300.000 € ao ano de recargo sobre os intereses que se lles debían, a cambio de facilitar unha solución e tamén cobrar estes en 2020. A súa xenerosidade permitiu interromper o crecemento da

débeda, e isto abriu a porta á renegociación co Ministerio de Facenda para ampliar o prazo de devolución do crédito.

Neste mes rematouse de devolver o canon ás empresas de Piñeiro, ademais de chegar a acordo con elas para evitar a reclamación duns 20 millóns de euros pola responsabilidade civil municipal por non poder construír dende hai anos. De paso, conseguiuase reducir a edificabilidade en máis dun 50%, co que mellorou sensiblemente a zona.

Simultaneamente aumentamos o esforzo na captación de financiamento para investimentos municipais, obtendo uns 500.000 € máis que xa se están a plasmar en rúas, camiños e edificios públicos. Reorganizáronse as dependencias e servizos municipais e estanse a modernizar procedementos para dar mellor servizo aos usuarios, e continuárase nesta senda.

Falando de sendas, estou moi satisfeito de ver como xa se están facendo realidade algúns dos nosos compromisos, iniciativas como a Fraga

do Xarío ou a senda de Ponte do Porco á praia da Ribeira. Pouco a pouco Miño ábrese a un futuro máis verde e máis amable, máis accesible e en definitiva máis atractivo para veciñanza e visitantes.

Todo isto, mentres pasaba 2020 e viviamos coa COVID. En marzo empezamos a vivir unha situación que ninguén podía prever nin imaxinar, e houbo que dar resposta. Os do confinamento foron días difíciles, e aínda agora non son doados. O medo ao descoñecido, o aumento da demanda de axudas sociais de todo tipo, a necesidade de medios de prevención e illamento, as dúbidas sobre o que se podía ou non podía facer...incertezas que tratamos de compensar con máis traballo (e moito teletraballo tamén), imaxinación, e hai que salientalo, coa boa disposición do persoal municipal e a xenerosidade e solidariedade de moitas veciñas e veciños.

Desde o Concello facilitamos, entre outras accións, Internet para que nenas e nenos puidesen estudar dende a casa, o dobre de axudas de

alimentos, apoio psicolóxico e seguimento telefónicos, actividades en liña, axilización do pago a provedores, voluntariado para compras e recados, vales para alimentos frescos, pago de axudas de comedor directamente ás familias.

Pasámolo mal, por suposto. Nunca esqueceré a esas familias que padeceron directamente a pandemia, coa dobre pena da perda dun ser querido e a dor de non sentirse acompañados. Estarán sempre no meu corazón e no balance deste tempo.

Con todo, Miño respondeu. A responsabilidade de todos, o bo seguimento das medidas de protección e a forza de ánimo conseguírono. Estou moi orgulloso do meu pobo, que demostrou que foi quen de saír desta situación e sairá tamén do resto. **Miño ten futuro, moito e bo.**

xuntos seguiremos a traballar para acadalo, sei que conto co pobo nesta tarefa.

O Concello acondiciona o seu tramo do Camiño Inglés

A administración busca o mantemento desta importante zona, así como impulsar o seu uso por parte dos peregrinos

Cada vez máis xente opta polo Camiño Inglés á hora de facer a súa peregrinación ata Santiago. O Concello quere coidar e incrementar esta tendencia, polo que desenvolveu labores de acondicionamento que redundarán nun maior paso de camiñantes polo percorrido. As tarefas comezaron xa o ano pasado coa limpeza de varios puntos, coma as pontes, ás que se liberou de vexetación e sucidade. Tamén a ruta é máis amable para os

visitantes logo dos traballos entre o núcleo de Outeiro e Viadeiro, na parroquia de Castro, onde se habilitou unha senda peonil en paralelo á estrada por onde transcorre o Camiño Inglés.

No traxecto colocáronse bordos de seguridade e canalizáronse as augas pluviais. O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, indicou a intención de espallar este modelo de sendas no futuro, ao ser máis amables coa contorna.

O goberno local proxecta do mesmo xeito máis melloras para o Camiño Inglés. Nunha recente reunión coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, o rexedor solicitoulle "seguir colaborando" para conectar a Fraga do Xarío coa senda relixiosa.

Seguridade e comodidade para a senda

A mellora do Camiño Inglés pasa tamén por un dos recursos chave para calquera peregrino: a auga. Miño atópase incluído na rede piloto de fontes públicas impulsada pola Xunta, que instalará un total de 28 en 18 municipios co fin de asegurar unha subministración potable. A seguridade aumentará grazas ás accións da Asociación de Concellos do Camiño Inglés. O grupo, ao que está adherido Miño, convocou un curso dirixido a profesionais, aloxamentos e albergues da ruta para a formación fronte á covid-19.

O tramo de Miño, en promoción

Non só o acondicionamento é importante para aumentar o fluxo de viandantes do Camiño Inglés. Tamén hai que dalo a coñecer entre veciños e visitantes. O goberno local traballa nesa liña con actividades coma 'Andaina primavera no Camiño', na que os participantes percorreron o tramo entre a parroquia de San Xoán de Vilanova ata Ponte Baxoi. A feira 'Primavera no Camiño Inglés', celebrada en Pontedeume, contou cun posto miñense para promocionar o anaco que transcorre polo municipio.

Instalación dunha marquesiña para o alumnado de Bemantes

O Concello colocou unha marquesiña para protexer os estudantes de Bemantes e evitar que estean á intemperie mentres agardan polo autobús. A estrutura solicitárase á Xunta, que se comprometera a instalala, pero incumpriu a súa palabra. Ante a falta de resposta por parte da

administración autonómica, o goberno local erixiu unha de xeito provisional para o benestar da rapazada. O terreo foi cedido por Alberto Manso, ao que o Concello agradece a súa colaboración na colocación dunha infraestrutura que segue agardando a súa instalación definitiva.



O alcalde Manuel Vázquez Faraldo, na sinatura do convenio con ASPACE

O goberno local asina un convenio con ASPACE

O goberno local asinou un convenio coa asociación de Atención a la Parálisis Cerebral (ASPACE), adicada á mellora da calidade de vida das persoas que presentan esta problemática. O documento será un apoio para a entidade, que brinda asistencia ás familias dos afectados, defende os dereitos do colectivo e promove a cooperación

institucional. A súa rúbrica encádrase na filosofía social do Concello, que continúa asinando convenios colaborativos con entidades sen ánimo de lucro. A finalidade é emprestar servizos de calidade e crear sinerxías positivas entre os colectivos sociais do municipio, así coma protexer e concienciar sobre a situación das persoas máis vulnerables.



Manuel Vázquez Faraldo, Agustín Sanz e Yolanda Bello revisan a marquesiña

Mellorando Miño

#MIÑOPASOAPASO



Arranxo de beirarrúas

A seguridade viaria foi un dos puntos traballados. Pintáronse pasos na estrada da praia, enchéronse

fochancas e realizáronse actuacións de aglomerado e recrecido xunto ao centro Castro Baxoi.




Roza da pasarela de Ponte do Porco

O Concello instalou unha banda redutora para favorecer unha condución máis segura. Houbo obras de

aglomerado e fresado na rúa Loios, que se nivelou, e na conexión entre Sambollo, Nigrofe e Bollo.



Instalación de novos contedores



Saneamento das árbores da Praia Grande

Ao longo do ano, o Concello levou a cabo diversos arranxos no municipio. Na praia saneáronse as árbores

para evitar accidentes e reparáronse varias beirarrúas en puntos como a Costa de Miño.



Pintado de sinalización viaria na estrada da Praia

O goberno local executou rozas en enclaves como Ponte do Porco, a rúa Hermo ou no cruce a

Ansimonde. Limpáronse tamén marquesiñas e canalizáronse pluviais en Bañobre e Callobre.



Colocación dunha banda redutora en Viadeiro

A concienciación municipal co medio ambiente materializouse na renovación dos contedores

en varias localizacións. Ademais, modernizouse e ampliouse a flota de colectores de aceite usado.

COVID-19



1



2



3



4



5



6



7



8



COVID-19

COVID-19



10

 **DEPORTE NA CASA** MAIO 2020

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
27 RETO MANTEMENTO MAIORES	28 TONDEBAGE	29 ABDOMINAIS MANTEMENTO MAIORES	30 TONIFICACIÓN BRAZOS E LOMBO	1 HRT MANTEMENTO MAIORES	2 FLEXIBILIDADE	3 DESCANSO
4 RETO MANTEMENTO MAIORES	5 IDGA	6 TONIFICACIÓN GATAS MANTEMENTO MAIORES	7 PILETES	8 CARDIO MANTEMENTO MAIORES	9 DESCANSO	10 DESCANSO

11


12



9



13



1. Desinfección das rúas
2. Grupo de veciñas que coseu máscaras para a súa doazón
3. Miño elimina o pago para aparcar no núcleo urbano durante a pandemia
4. Facilitamento de dúas contas bancarias para doazón de alimentos
5. Novas medidas de circulación para o inicio do curso escolar
6. Grupo de voluntarios que doaron alimentos durante a pandemia
7. O Concello reparte tarxetas wifi para que os escolares non perdan o ritmo de traballo
8. Colocación de biombos protectoras nas oficinas municipais.
9. Formación dun equipo de voluntarios para axudar nuns tempos moi complicados
10. Policía Local e Protección Civil executaron o reparto de deberes, libros e elementos de primeira necesidade
11. Deporte na casa, fundamental para manter a forma física durante o confinamento
12. Apoio psicolóxico durante o estado de alarma
13. Seguimento telefónico ás persoas maiores

COVID-19

As festas de San Pedro resisten á covid cun programa adaptado á crise sanitaria

Miño apostou pola súa cultura mantendo a celebración, que aliviou a difícil situación de moitos músicos locais



Desfile de gaiteiros o último día das festas de San Pedro

Música, batucadas e ata fogos artificiais animaron un verán atípico en Miño, que non quixo deixar de apoiar a cultura pese á pandemia. Os artistas locais puideron compartir as súas producións nas tradicionais festas de San Pedro, que incluíron microconcertos, espectáculos familiares e un show pirotécnico.

A Feira da Cebola Chata festexa a súa XIX edición

As ceboleiras do municipio volveron poñerse baixo o foco na Feira da Cebola Chata, que celebrou este ano a súa XIX edición. O festexo reduciuse a un día por mor da covid, pero conservou a súa esencia cos postos deste produto estrela da gastronomía miñense. O alcalde,

Manuel Vázquez Faraldo, e a concelleira de Cultura, Catalina Morado, recibiron as ceboleiras participantes no Salón de Plenos, onde lles agradeceron a súa "dedicación". O evento desenvolveuse con estritas medidas de seguridade como máscaras e xel hidroalcohólico.



Catalina Morado e Manuel Vázquez Faraldo, na recepción ás ceboleiras

Miño organiza un autocine para impulsar a cultura



Autocine de Miño, durante a proxección de 'Grease'

Os habitantes de Miño gozaron de alternativas para un lecer seguro como parte da intención municipal de impulsar a cultura. Un exemplo foi o autocine instalado polo Concello no triángulo da Praia Grande, que permitiu desfrutar da sétima arte ao abrigo do automóbil e

nun espazo aberto. A sesión contou con capacidade para 200 vehículos, incluídas as que non dispoñían de coche. O goberno local colocou cadeiras para non limitar a súa asistencia, e permitir a todo o que quixese gozar da película escollida: o clásico dos 70 'Grease'.

O Concello traballa na humanización de Miño con novos enlaces e sendas peonís

A administración continúa o seu esforzo pola redución do tráfico e a posta en valor da contorna coa mellora das conexións e do espazo para os viandantes

Un Miño máis amable, no que poder pasear e desprazarse sen sacar o coche da casa atópase entre os plans de futuro do Concello. O seu traballo continuo pola mellora do municipio pasa por un proxecto de sendas que conecten distintos enclaves, e así seguirá sendo.



Senda dende a praia de Ribeira ata a Praia Grande

Conciliación como piar en tempos complicados

Un dos piares fundamentais na estratexia de goberno do Concello de Miño é o da conciliación. Durante este verán, nunha época tan complexa, tiveron lugar os

campamentos onde a rapazada puido desfrutar do tempo de lecer acompañados por profesionais e baixo estritas condicións hixiénicas e sanitarias.



Actividade do Barco Pirata

Bolsas de comedor e de libros convocadas en xuño

Con moita máis celeridade que outros anos, o Concello de Miño convocou este ano as bolsas para comedor e préstamo de libros durante o mes de xuño.

A finalidade de ambas as dúas é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio

do dereito á educación, compensando a aquelas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñen máis dificultades para afrontar os gastos derivados destes dous servizos para o curso 2020/2021. Ambas as axudas son complementarias.

Nova distribución no aparcadoiro do triángulo



Zona onde se habilitou o novo sistema de aparcamento

Con motivo do cambio na ordenanza de aparcamento, e vencellado a isto a incidencia da covid-19, este verán decidiuse cambiar o

sistema de aparcamento da praia Grande, concretamente no triángulo, no que se redución as prazas para garantir un correcto aforo.

Miño vólcase en accións no eido dos servizos sociais



O Concello habilitará un novo espazo nos baixos de Rabazal para que todas as

persoas que o precisen poidan escoller e solicitar as súas prendas.

Miño únese á terapia con cans para vítimas de violencia de xénero



O alcalde Manuel Vázquez Faraldo (esquerda) cos cans de terapia do Proxecto Venus

No programa, coñecido como Proxecto Venus, un terapeuta, un guía e un can acompañan os menores ao xulgado

Paliar os terribles danos que a violencia de xénero provoca nas súas vítimas non queda de lado nos plans do goberno local. O próximo ano, o municipio

dará un paso máis na súa sensibilidade co Proxecto Venus, un programa piloto desenvolvido pola Fundación María José Jove e APICO. A iniciativa, que xa probaron Curtis e Betanzos,

aposta polos cans de terapia para acompañar aos xulgados a aqueles menores que sufriran este tipo de violencia, de xeito que se sintan máis calmados e seguros. O animal que os ampara é co que traballan nas sesións de terapia, coas que tratan de superar emocionalmente o suceso.

O alcalde de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, expresou a súa alegría por sumarse "a este proxecto pioneiro en España, que busca minimizar o impacto do proceso xudicial nos menores vítimas de violencia de xénero". Arredor de catro cans participarán nesta segunda fase do programa. Tamén as nais, vítimas de violencia machista, recibirán nesta nova etapa recursos para combatala, todo sen saír de Miño.

O Concello pon en marcha un obradoiro dual de emprego

O Concello continúa a súa aposta pola xeración de novas oportunidades laborais cun obradoiro dual de emprego, 'Artabroemprende'. Poderán participar un total de 20 persoas, que aprenderán sobre 'Instalación e

mantemento de xardíns e zonas verdes', e sobre 'Limpieza en espazos abertos e instalacións industriais'. O programa durará 9 meses, e estará financiado con 346.946 euros da Xunta.



Os alcaldes de Pontedeume, Cabanas, Miño, Paderne e Monfero asinan o acordo

O alumeado do Nadal xa loce nas rúas do municipio

O Concello instalou, nun ano especialmente complicado, o alumeado de Nadal, que xa loce en todas as parroquias do termo municipal. Cabe destacar que o ano pasado foi a primeira vez que se

iluminaron todas as igrexas do municipio. "Non quixemos que se apagara a luz do Nadal nunha época tan complexa como a que estamos a vivir", comenta o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo.

Novos regulamentos de tallas e mercados municipais



Imaxe correspondente a unha tala

O Concello promoverá as boas prácticas entre os madereiros no coidado das sendas forestais a través dunha nova ordenanza de protección de vías e camiños, aprobada no pasado Pleno do 17 de decembro. Tamén

se pretende potenciar as feiras e mercados, creando un regulamento específico que dará máis seguridade ás vendedoras e vendedores. Ata o momento non existía ningún tipo de orde para regular este tipo de actividades.



Unha das igrexas iluminada coa decoración de Nadal

O goberno local subvenciona con máis de 18.000 euros a clubs e asociacións

O Concello crea unha liña de axudas para estimular o deporte e a cultura, cuxas entidades poderán financiar ata o 80% dos seus gastos en actividades e investimentos

A promoción do deporte e a cultura, sempre importantes, son se cadra máis vitais agora ca nunca, dada as dificultades ás que o coronavirus enfrontou a estas áreas. Para apoialas nestes intres tan duros e favorecer o lecer entre a veciñanza, o goberno local modificou unha liña de axudas para clubs e

asociacións do municipio, á que destinará un orzamento de 18.500 euros. O programa financiará ata o 80% dos gastos que os beneficiarios realicen en actividades e investimentos, e distribuirase segundo os criterios establecidos na convocatoria. A liña de subvencións é de concurrencia competitiva, e priorizaranse para o seu reparto aspectos coma o número de beneficiarios, a promoción do deporte e a cultura entre os cativos, o número de socios do club e a colaboración entre entidades de Miño. O prazo de solicitude xa está pechado, e o Concello dará a coñecer próximamente a lista de admitidos.

Varias melloras en Callobre, Bemantes e Carantoña



Imaxe do novo grupo de presión en Barbeita

O Concello quere que Miño amose a súa cara máis pulcra, e que sexa exemplo de salubridade. Para iso promoveu a limpeza de nove camiños das parroquias de Callobre, Bemantes e Carantoña, nas que saneou as cunetas e instalou tubos para o posterior asfaltado. As obras parten dun investimento

da Deputación, que aporta 151.000 euros a través do seu Plan Único. As vías contarán ao seu fin con pavimento, cunetas de formigón e medidas de sinalización e de protección peonil. Ademais en Barbeita (Callobre), a administración instalou un grupo de presión para incrementar a forza no subministro da auga.

O centro de día comeza a funcionar tras anos pechado



O alcalde e a concelleira de Servizos Sociais visitaron aos maiores na inauguración

O centro de día de Miño abrirá finalmente as súas portas este mes, logo de anos de retraso desde a súa execución en 2009. O alcalde de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, fixera da tardanza na apertura do edificio unha das súas loitas políticas, criticando os retrasos para este centro, que conta cun convenio de xestión e cofinanciación coa Xunta. A súa posta en marcha ía

comenzar a principios de ano, pero a crise sanitaria demorou os trámites, e a concelleira de Política Social afirma agora que abrirá antes do remate do 2020. Serán 8 maiores os que inauguren o centro, que pode albergar a un total de 30 usuarios nos seus 360 metros cadrados con comedor, sala de rehabilitación, enfermaría, e espazo multiusos.

Un municipio que respecta a contorna grazas ao PACES

O Concello reafirma o seu compromiso co medio ambiente coa aprobación do Plan de Acción por el Clima y la Energía Sostenible (PACES). Trátase dun programa destinado a cumprir o firmado no Pacto de Alcaldías, co que Miño e outros centos de autoridades locais fanse responsables de acatar no seu territorio as metas plantexadas pola Unión Europea (UE) no eido climático e enerxético. Mediante a súa unión, o rexedor Manuel Vázquez Faraldo comprométese a "avanzar de

maneira integral cara un Miño máis sostible, respectuoso co medio ambiente e no que a natureza sexa protagonista". Os obxectivos aos que aspira son a redución nun 40% dos gases de efecto invernadoiro ata 2030, e camiñar cara a eficiencia enerxética no termo municipal.

Nese sentido, contéplanse actuacións como a mellora enerxética dos edificios, o uso de fontes de enerxía renovables ou o fomento de vías de mobilidade alternativas.

Unha nova senda para recuperar grandes vistas pola liña marítima da costa miñense


O goberno local acondiciona a senda entre Ponte do Porco e Ribeira, que se atopaba en estado de abandono

Cheo de maleza e intransitable. Así estaba o camiño entre Ponte do Porco e o paseo da Ribeira, na que o goberno

municipal levou a cabo tarefas de roza. A senda foi rescatada do abandono. Así, xa se está traballando na mellora do firme, na colocación

de bancos e na instalación de novas sinais. Unha vez rematadas estas tarefas, mellorase a comunicación peonil entre a praia da Ribeira e Ponte

do Porco, así como gozar das espléndidas vistas que ofrece toda a liña marítima da costa miñense, como xanela única ao Atlántico.



Vistas que ofrece este novo espazo

Camiños asfaltados

- ▶ **San Xoán**
Campo da Pena a Sambollo
- ▶ **Castro**
vial en Viadeiro
- ▶ **Leiro**
Trasdoroña a Lamelas
camino do Pulo
- ▶ **Callobre**
Retriz a Granja
- ▶ **Perbes**
Sambollo - Nigrofe - Bollo

Obras feitas

- ▶ **Impermeabilización no Centro Social de Viadeiro**
- ▶ Instalación dun by-pass no colector de pluviais na rúa Fontiñas de Costa Miño
- ▶ Obra de pavimentación e recrecemento de pozos na rúa
- ▶ Ampliación do abastecemento da marxe esquerda da estrada N-651 entre os puntos quilométricos 13+485 e 13+955
- ▶ Renovación do colector de saneamento da rúa Condomiñas
- ▶ Rehabilitación do colector xeral da rede de sumidoiros na rúa de Miño
- ▶ Ampliación das redes de abastecemento e saneamento en O Barral, Sombreu,
- ▶ Conexión de embornais na rúa Extremeiro á rede de recollida de pluviais
- ▶ Pavimentación de viais, Pousadoira-Granxa, Miño, rúa do Curro e contorna dos edificios Crisol e adxacentes. Subida a Bermaño, Carantoña, Camino A Fontela.

Camiños e viales a asfaltar nas próximas semanas

- ▶ **Bemantes**
desde Ansimonde a DP-4804 (Sta.Uxía)
desde Sanchal a Barcia
- ▶ **Callobre**
desde Barbeita a Vigo
desde AC-160 a Brea
desde Vigo á Pousadoira
- ▶ **Carantoña**
uns 300 m desde igrexa hacia vieja escuela
uns 500 m en tramos intermitentes desde igrexa ata a vella escola
varios tramos en A Sapeira
varios tramos en O Xuncal
- ▶ **San Xoán**
en el lugar de O Couto
- ▶ **Perbes**
en Fondal - A Calle
en el lugar de O Curro
en O Couto (Nigrofe)
tramo Sambollo a Bollo
tramo Sambollo a Nigrofe
tramo en A Torre (Bermaño)
- ▶ **Sombreu (Miño)**
desde Bra a O Castiñeiro

Obras por executar

- ▶ Abastecemento de agua a Ponte do Porco

GRUPO PSdeG-PSOE



1.
Manuel
Vázquez Faraldo

*Alcalde e Concelleiro de
Economía, Facenda, Seguridade
Cidadá e Protección Civil*



2.
Catalina
Morado Fariña

*Concelleira de Educación,
Cultura, Comunicación,
Participación Cidadá e
transparencia*



3.
Emma
González Álvarez

*Concelleira de Atención ao
Cidadá, Urbanismo e Réxime
Interno e Persoal*



4.
Jose Manuel
Pantín Morado

*Concelleiro de Emprego,
Turismo, Deporte, Promoción
Económica e Tecido Asociativo*



5.
Yolanza
Bello Pérez

*Concelleira de Servizos Sociais
e Benestar*



6.
Agustín
Sanz Horcajo

*Concelleiro de Obras,
Infraestructuras e
Contratación*



7.
Elena
Lage Suárez

*Concelleira de Medio Ambiente,
Zonas Verdes, Praias e Servizos*



8.
Santiago
Gómez Beade

*Concelleiro de Novas
Tecnoloxías e Sociedade Dixital*



9.
Marina
Varela Lage

Concelleira de Igualdade

GRUPO PP

1.
Jesús
Veiga Sabín

2.
Josefina
Romeu Pérez

3.
Jose Agustín
Andrés Andrés

4.
Ana Isabel
Picos Freijomil

SAÚDA^{DO} ALCALDE

Manuel Vázquez Faraldo



Estar ao lado dos que o precisan. Compartir recursos, preocuparse polo do lado e batallar contra esa soidade que, quizáis máis veces das que pensamos, rilla tras as dobreces do rostro dos maiores. A epidemia que pasamos este 2020 estendeu o espírito do Nadal a marzo, e este non é máis que a cúspide dun camiño ao que logramos chegar entre todos. Miño soubo estar á altura dun desafío con poucas comparativas, e non podo máis que agradecerlle á veciñanza o seu enorme esforzo para loitar contra un virus que —agardamos que axiña— poida chegar a ser pasado. Desde o meu posto como alcalde, deséxovos, como farán todos, un 2021 mellor, no que volvan compartirse apertas e deixen de agocharse tan tristemente os sorrisos pola rúa.

Nunca é máis tempo para a esperanza que decembro, pero desta vez debe ser tamén un intre para a prudencia. Coidemos dos nosos co maior esforzo cando de amor se fala, que é a distancia. Trátase do último pulo, sempre o máis difícil, pero o máis importante. Invítovos a comezar os propósitos de aninovo un pouco cedo, sendo xenerosos para cumprir os de outros: o dono dese bar que fai números tras a barra, o músico con arte pero sen público, ou aquel sanitario que, baixo a pantalla, leva meses convivindo co medo ao contaxio. Para todos vós, valentes visibles e invisibles, van os nosos mellores desexos este ano. Desde o Concello estaremos ao voso carón no próximo, e animámosvos a conservar nestas festas ese lume da leducia que sempre debe seguir brillando. **Bo Nadal.**

